

Guía para Tutores Académicos, Tutores Profesionais e Estudantes de Prácticas Externas do Mestrado MiLA

Guía para o/a estudante	Guía para o/a titor/a académico/a	Guía para o/a titor/a profesional
<p>Unha vez adxudicadas as prazas, o/a estudante recibirá a notificación de quen é o/a seu/súa titor/a académico/a e contactará con el/a para facilitarle os seus horarios e acordaren a data de incorporación á entidade.</p> <p style="text-align: right;">→</p> <p style="text-align: center;">↓</p>	<p>A fin de fixar a data de incorporación do/a estudante nas entidades, unha vez adxudicadas as prazas, o titor/a académico/a contactará coa entidade para acordar unha cita do/a estudante co/a titor/a profesional. Para fixar a data terase en conta a proposta do/a titor/a profesional e os horarios de aulas do/a estudante.</p> <p style="text-align: right;">→</p> <p style="text-align: center;">↓</p>	<p>Unha vez adxudicadas as prazas, o/a titor/a profesional será contactado/a polo/a titor/a académico/a para acordar unha cita co/a estudante. Para fixar a data terase en conta a proposta do/a titor/a profesional e os horarios de aulas do/a estudante.</p> <p style="text-align: right;">→</p> <p style="text-align: center;">↓</p>
<p>Cando o/a estudante dispoña do seu horario e dun plan de actividades ratificados entre o titor/a académico/a e o/a titor/a profesional, estará en disposición de organizar o seu calendario e de planificar as tarefas relacionadas co plan formativo da entidade en relación coa súa titulación.</p> <p style="text-align: right;">↓</p>	<p>O/a titor/a académico/a acordará o horario e as actividades do/a estudante co titor/a profesional.</p> <p style="text-align: left;">←</p> <p style="text-align: right;">→</p>	<p>O/A titor/a profesional recibirá ao/á estudante, será o responsable de organizarlle unha visita guiada pola entidade e de lle explicar en detalle as actividades que vai realizar poñéndoas en relación co proxecto formativo detallado na ficha relativa á entidade.</p>
<p>O/A estudante dedicará 140 horas á realización de actividades na entidade e 10 horas á redacción da memoria final, cuxo modelo se achega na páxina web do Centro.</p> <p style="text-align: right;">↓</p>		<p>O/A titor/a profesional velará polo cumprimento do horario do/a estudante e polas garantías de desenvolvemento do plan de actividades ratificado entre o/a titor/a académico/a e o/a titor/a profesional.</p>
<p>Unha vez rematado o período de prácticas, o/a estudante remitiralle ao/á titor/a académico/a unha memoria final segundo o modelo achegado na páxina web do centro.</p> <p style="text-align: right;">→</p>	<p>O/A titor/a académico/a enviaralle ao/á titor/a profesional un informe segundo o modelo achegado na páxina web do Centro que debe cumplimentar ao remate do período de prácticas.</p> <p style="text-align: right;">→</p> <p>Tras recibir a memoria de prácticas (50% da cualificación) e o informe do titor/a profesional (50% da cualificación), o/a titor/a académico/a será o responsable da avaliação final do/a estudante.</p> <p style="text-align: right;">←</p> <p style="text-align: center;">↓</p>	<p>Unha vez rematadas as prácticas, o/a titor/a profesional recibirá un informe que debe cubrir ao remate do período das prácticas. No apartado correspondente do informe, o/a titor/a profesional incluirá unha cualificación numérica nos rangos comprendidos entre 0-5, que equivale ao 50% da cualificación final do/a estudante, e enviaralle o informe ao/á titor/a académico/a.</p>
	<p>O/A titor/a académico/a solicitaralle a apertura da acta á xestora do centro. Unha vez aberta, cubrirá a acta coa cualificación final, notificará a nota ao/á estudante e encargarse do proceso de revisión.</p>	